

**Resolución de 19 de febreiro de 2025, pola que se modifica o nomeamento e se ordena a publicación da composición do tribunal que vulgará as probas selectivas para a provisión de catro prazas vacantes na relación de postos de traballo de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, funcionario/a da escala técnica de auxiliar de servizos, subgrupo C2.**

Mediante a Resolución de 30 de maio de 2024 (DOG de 10 de xuño de 2024), convocáronse probas selectivas para a provisión de catro prazas vacantes de posto de auxiliar de servizos, escala técnica, subgrupo C2, mediante acceso libre.

Por Resolución de 18 de decembro de 2024, noméase e ordénase publicar a composición do tribunal que vulgará as ditas probas selectivas. Publícase na sede electrónica da UDC o 23 de decembro de 2024.

O 31 de xaneiro de 2025 publícase na sede electrónica unha modificación na composición do tribunal (RR del 30 de xaneiro de 2025) por concorrer en causa de abstención un membro do tribunal e outro renuncia por causas sobrevidas.

Coa finalidade de respectar o indicado no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes que establece o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección, así como o artigo 152 da lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, faise necesario modificar a composición do tribunal que vulgará estas probas selectivas.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e conforme ao establecido na base 5.1 da convocatoria,

**RESOLVE:**

Publicar a composición do tribunal, no anexo desta resolución, que vulgará as probas selectivas para a provisión de catro prazas vacantes de posto auxiliar de servizos, escala técnica, subgrupo C2, mediante acceso libre.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría terceira das recollidas no artigo 16 do regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo, aprobado no Consello de Goberno do 27 de abril de 2023 e modificado por resolución reitoral o 19 de xullo de 2023. A Coruña, firmado dixitalmente

O reitor

PD A xerenta (RR 10.07.2024)

Mª Jesús Grela Barreiro

## ANEXO

### TRIBUNAL TITULAR

Presidente: Iñigo Cruzado Beitia, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Raquel Núñez Orjales, funcionaria da Universidade da Coruña

José Antonio Caramés Ríos, funcionario da Universidade da Coruña

Francisco Javier Romero Sánchez, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria: Paula M<sup>a</sup> Busto Carnota, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e con voto.

### TRIBUNAL SUPLENTE

Presidente: Óscar Lodeiro Hermida, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Antonio Penas López, funcionario da Universidade da Coruña

María Manuela Babío Carazo, funcionaria da Universidade da Coruña

Juan Carlos Muñiz Seijas, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria: M<sup>a</sup> Jesús Codesido López, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e con voto.